

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL NEGREIRA

Listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo de 1 praza de docente de piano (persoal laboral fixo) mediante concurso, a xornada parcial, da oferta de emprego público extraordinaria 2022

ANUNCIO

Con data de 24 de outubro de 2024 ditouse o Decreto de Alcaldía número 385/2024 cuxo contido é o seguinte:

“DECRETO

ASUNTO: LISTAXE PROVISIONAL DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS NO PROCESO SELECTIVO DE 1 PRAZA DE DOCENTE DE PIANO (PERSONAL LABORAL FIXO) MEDIANTE CONCURSO, A XORNADA PARCIAL, DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO EXTRAORDINARIA 2022 (LEI 20/2021 DO 28 DE DECEMBRO)

EXPEDIENTE OPE: 2024/E002/000001

EXPEDIENTE DECRETO: 2024/G003/000414

Vistas as bases xerais e específicas, publicadas no BOP nº243 do 26/12/2022, que regulan as convocatorias dos procesos selectivos correspondentes ás prazas de estabilización de emprego temporal de longa duración do Concello de Negreira incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022 que foron aprobadas por resolución de Alcaldía con número 299/2022, de 20 de decembro de 2022; e publicadas no BOP da Coruña núm. 243, do 26 de decembro de 2022.

Vista a convocatoria publicada no BOE nº 99, de 26/04/2023.

Tendo en conta o establecido na base Oitava das que regulan o presente proceso selectivo e unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, de acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e demais normativa concordante e de aplicación,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo de 1 praza de Docente de Piano, persoal laboral fixo, mediante o sistema de concurso a xornada parcial:

NOME E APELIDOS	DNI	ESTADO	CELGA 4
MARIA MONTSERRAT VÁZQUEZ GALIÑANES	*****874-G	ADMITIDA	NON
JAVIER CONSTENLA MARTÍNEZ	*****058-J	EXCLUÍDO (1)	NON

- (1) Non acredita o apartado 2.1.a) BASES ESPECÍFICAS (Título acreditativo Superior de Música) 2.1.b) BASES ESPECÍFICAS (coñecemento de galego CELGA 4) 2.1.c) BASES ESPECÍFICAS (Non ter sido condenado por delitos sexuais, certificado por delitos sexuais expedido polo Ministerio de Xustiza). Non acredita o apartado quinto das BASES XERAIS (Anexo I e DNI).

Segundo.- Outorgar un prazo de 10 días hábiles, a partir do día seguinte á publicación da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, na sede electrónica da Corporación e na páxina web municipal aos efectos informativos.

Quen dentro do prazo sinalado non emende os defectos xustificando o seu dereito a ser admitido, será definitivamente excluído/a do proceso.

Terceiro.- Os aspirantes que non xustifiquen a posesión do título acreditativo do nivel de lingua galega, correspondente á categoría ou grupo da praza á que aspiran, deberán superar unha proba de coñecemento da lingua galega, que en ningún caso computará como mérito. A proba de coñecemento realizarase unha vez finalizado o concurso de méritos a aquelas persoas propostas para a obtención dunha praza e non será eliminatoria.

Cuarto.- Facer pública esta Resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, na sede electrónica e na páxina web do Concello de Negreira.

Negreira, na data das sinaturas electrónica.

O Alcalde.

Manuel Ángel Leis Míguez

Ante mío,

A secretaria da corporación

Miriam Naveira Dono. ”

Negreira, 24 de outubro de 2024.

O Alcalde

Manuel Ángel Leis Míguez

2024/7563